

CONCELLO DE MEIRA  
CIF:P2702900H  
Praza do concello, s/n  
27240 Meira  
Lugo  
Teléf.: 982 330 102  
Fax: 982 104 090  
Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es

## **BANDO**

### **AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS, CONSERVACIÓN, MELLORA DA SEGURIDADE E DA ACCESIBILIDADE**

O luns día 22 de marzo saíu publicada no DOG a resolución do Instituto Galego da Vivenda e Solo pola que se convocan distintas liñas de subvencións para actuacións de rehabilitación de vivendas, Programa de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas.

#### **ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES**

- As relativas ao estado de conservación da cimentación, da estrutura e das instalacións, das cubertas, azoteas, fachadas e medianeiras, incluídos procesos de desamiantado.
- As relativas á adecuación interior da vivenda unifamiliar, ás condicións mínimas de funcionalidade, habitabilidade, seguridade e hixiene legalmente exixidas.
- A instalación de ascensores, salvaescaleiras, rampas ou outros dispositivos de accesibilidade.
- A instalación ou dotación de produtos de apoio, tales como guindastres ou artefactos análogos.
- A instalación de elementos de información ou de aviso, tales como sinais luminosos ou sonoros, que permitan a orientación no uso de escaleiras, ascensores e do interior das vivendas.
- A instalación de elementos ou dispositivos electrónicos de comunicación entre as vivendas e o exterior, tales como vídeo porteiros e análogos.
- A instalación domótica e doutros avances tecnolóxicos para favorecer a autonomía persoal.
- Calquera intervención que facilite a accesibilidade universal nos espazos do interior das vivendas unifamiliares ou en edificios de tipoloxía residencial colectiva, así como nas súas vías de evacuación. Inclúense obras dirixidas á ampliación de espazos de circulación dentro da vivenda que cumpran coas condicións do CTE no referido á vivenda accesible, así como para mellorar as condicións de accesibilidade en baños e cociñas.

#### **CONTÍA DA AXUDA**

A contía da subvención será do **40% do custo subvencionable podendo acadar o 75%** se os ingresos da unidade de convivencia son inferiores a tres veces o IPREM.

#### **PRAZO DE SOLICITUDES**

O prazo de presentación de solicitudes será **DUN MES**, contado a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG.

Meira, 23 de marzo de 2021.



Asdo.: Antonio de Dios Álvarez.